



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA O USO DE SERVIZOS TECNOLÓXICOS TRANSVERSAIS XESTIONADOS DENDE A AMTEGA

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REÚNENSE

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

E de outra, Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, nomeado polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011).

Ambas partes, recoñécense mutuamente o interese e a capacidade e representación necesarios para a sinatura do presente convenio de colaboración e a estes efectos,

EXPOÑEN



Primeiro.- Que, segundo o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Terceiro.- Que a Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula no seu artigos 118 o catálogo dos sistemas dixitais, no que





se recollerán as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións.

E adicionalmente a Amtega xestiona outras plataformas e sistemas que contribúen ao funcionamento ordinario da administración pública.

Cuarto.- Que na actualidade Augas de Galicia non ten integradas as súas competencias en tecnoloxías da información e comunicacións (TIC) na Amtega.

Quinto.- Que Augas de Galicia considera que dentro das aplicacións, infraestruturas e plataformas que xestiona a Amtega, existen varias solucións útiles para dar resposta ás súas necesidades dos seus ámbitos de actuación.

Sexto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade de interese xeral, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.





Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar "as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos".

Sétimo.- Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a entidade Augas de Galicia e a Amtega manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, para a utilización por parte da entidade pública empresarial Augas de Galicia de servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos TIC.

Segunda.- Ámbito de aplicación

No Anexo I a este Convenio recóllese a relación de sistemas incluídos no acordo de colaboración.

Terceira.- Sustentabilidade das actuacións

O desenvolvemento e xestión das plataformas e ferramentas asociadas aos servizos incluídos neste acordo veñen sendo asumidas integramente pola Amtega principalmente a través da formalización de contratos celebrados con empresas externas.



A adhesión por parte de Augas de Galicia implica un incremento das capacidades que deben ter estas plataformas para o seu correcto funcionamento, o que afecta aos contratos que a estes efectos ten asinados ou que se podan asinar no futuro para o seu funcionamento. A Amtega repercutirá a Augas de Galicia, de acordo co previsto neste acordo, o impacto que sobre os custes directos de ditos contratos implica a utilización das distintas ferramentas por esa entidade. En ningún caso esta achega económica será con fins de lucro senón que se trata de repercutir o custo que realiza a Amtega para permitir a adhesión e soporte por parte de Augas de Galicia. Os custes repercutidos refírense basicamente á subministración de licenzas, adaptacións das ferramentas e ao mantemento anual da sostibilidade funcional e técnica dos sistemas empregados.

Cuarta.- Financiamento

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, Augas de Galicia compensará os gastos realizados pola AMTEGA para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira. Este gasto estímase nunha cantidade máxima de 158.392,00 € (CENTO CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS) por todos os conceptos, coa seguinte distribución por anualidades:



2023	2024	2025	2026	Total
39.598,00 €	39.598,00 €	39.598,00 €	39.598,00 €	158.392,00 €

A Amtega repercutirá a Augas de Galicia, de acordo co previsto neste acordo, o impacto que sobre os custes directos dos ditos contratos implica a utilización das distintas ferramentas por esa entidade. En ningún caso esta achega económica será con fins de lucro senón que se trata de repercutir o custo que realiza a Amtega para permitir a adhesión e soporte por parte de Augas de Galicia. Os custes repercutidos refírense basicamente á subministración de licenzas, adaptacións das ferramentas e ao mantemento anual da sostibilidade funcional e técnica dos sistemas empregados.

Antes do día 15 de decembro de cada anualidade a AMTEGA remitirá a Augas de Galicia unha certificación dos gastos realizados durante a anualidade de referencia, que inclúa os servizos prestados durante o citado ano.

Augas de Galicia transferirá o importe desde a conta financeira 227 "Equipos para procesos de información" da EPE Augas de Galicia, mediante transferencia ao número de conta da Xunta de Galicia que a Amtega comunique.

Coa sinatura deste acordo se procederá á ampliación do orzamento da Amtega na aplicación na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2021 00015 para as anualidades 2023, 2024, 2025 e 2026 polo importe de cada anualidade mediante a xeración de crédito correspondente.



Quinta.- Actuacións a desenvolver

Ao abeiro do presente acordo,

- a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e dentro dos límites orzamentarios deste acordo, levará a cabo a tramitación administrativa e a adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato. E facilitará o acceso aos medios e sistemas descritos no Anexo I.

- Augas de Galicia, asumirá as tarefas descritas no Anexo I.

As actuacións previstas neste acordo vense complementadas para a súa plena operatividade por actividades de carácter xeral ao desenvolvemento, soporte e implantación de sistemas de información levadas a cabo pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia dentro do seu ámbito competencial.

Sexta.- Vixencia do acordo e prórroga

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2026, podendo prorrogarse mediante a subscrición da correspondente addenda.

Sétima.- Réxime de modificacións

Este acordo, a proposta da Comisión de Seguimento, poderá ser modificado no seu contido en calquera momento por acordo mutuo e expreso das dúas partes asinantes.



Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Novena.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento e toma de decisións en relación ao presente acordo constitúese no momento da firma unha comisión mixta de seguimento composta polos seguintes membros:

- Por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, dúas persoas con rango mínimo de xefe de departamento.
- Por parte da Entidade pública empresarial Augas de Galicia, dúas persoas designadas pola Dirección de Augas de Galicia.

Os anteriores representantes poderán delegar noutros membros da súa organización a asistencia. Ás reunións da Comisión de Seguimento poderá asistir en calidade de asesor, o persoal que, no seu caso, determine cada unha das partes integrantes da mesma. As reunións poderán realizarse presencialmente ou mediante medios telemáticos, quedando constancia nunha acta dos resultados.

A comisión terá entre as súas funcións:



- Efectuar o seguimento no avance das actuacións.
- Aprobar outros proxectos que podan englobarse neste acordo con suxeición ao obxecto e financiamento máximo establecido.

Décima.- Causas de resolución do acordo e consecuencias no caso de incumprimento

As causas de resolución deste acordo serán as seguintes:

- a) O mutuo acordo expreso das partes.
- b) O vencemento do seu prazo de vixencia.
- c) Incumprimento comprobado dos prazos e das demais obrigas asumidas polas partes. Neste caso, calquera das partes poderá facer a outra un requirimento para que, nun determinado prazo, dea cumprimento as obrigas e compromisos asumidos. Se finalizado o prazo anterior a parte requirida persistise no seu incumprimento, a parte que fixo o requirimento notificaralle a concorrencia dunha causa de resolución e entenderase automaticamente resolto o acordo, debendo indemnizar a parte incumpridora polos danos e prexuízos causados.

A indemnización determinarase atendendo ao dano efectivamente producido, que deberá ser debidamente xustificado por calquera medio de proba admitido en dereito.
- d) A sinatura dun novo acordo para substituír o actual.
- e) Outras causas establecidas na normativa vixente que puidesen resultar de aplicación.



Undécima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Duodécima.- Publicidade

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no acordo, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- Medidas antifraude

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.



2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) (https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.





3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle

O director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Julián Cerviño Iglesia





ANEXO I

Relación de sistemas incluídos no acordo de colaboración:

- o a) **Aceso á plataforma de escritorios virtuais (VDI):** esta plataforma permite a virtualización e publicación segura de escritorios virtuais de posto de traballo, facilitando ás persoas usuarias o acceso a un posto de traballo plenamente funcional dende calquera dispositivo e través dunha única área de traballo unificada e segura. Este sistema permite implantar un escenario de mobilidade real, tanto desde calquera sitio como tipo de dispositivo.

Establécese un número de 200 licencias de uso de VDI que quedará a disposición da entidade Augas de Galicia.

Estimación orzamentaria:

Servizo	2023	2024	2025	2026
Licenzas de acceso a plataforma de Escritorios Virtuais (VDI) – bloque para 200 usuarios	28.798,00 €	28.798,00 €	28.798,00 €	28.798,00 €
Servizos de administración	10.800,00 €	10.800,00 €	10.800,00 €	10.800,00 €
	39.598,00 €	39.598,00 €	39.598,00 €	39.598,00 €

Obrigas das partes:

a) Ao abeiro deste convenio, Augas de Galicia, como perceptora e usuaria dos servizos xestionados pola Amtega identificados no alcance deste documento, asume as seguintes obrigas:





- Concertar e coordinar coa Amtega a realización das probas de acceso, rendemento e de monitorización dos servizos asociados, para validar o correcto acceso aos servizos incluídos neste acordo.
- Tramitar as solicitudes de altas, baixas e modificacións de permisos e accesos das persoas autorizadas para o uso dos servizos incluídos neste acordo.
- Velar polo cumprimento das pautas e políticas de bo uso dos sistemas, conforme ás instrucións publicadas pola Amtega para cada sistema.
- Nomear a unidade responsable de comunicar posibles incidencias no uso dos servizos, de cara a canalizalas á Amtega.
- Asumir o primeiro nivel de atención e soporte ao seu persoal no uso dos servizos proporcionados pola Amtega ao abeiro deste convenio do sistema.

b) A Amtega, asume as seguintes obrigas:

- As tarefas de administración propias da plataforma, co alcance de dedicación que resulta da aportación orzamentaria.
- Atender as incidencias de segundo nivel, a través dos procedementos habituais de soporte.
- Facilitar información e formación técnica ao persoal técnico de Augas de Galicia relativas ao funcionamento e uso da plataforma, co obxecto de que estes poidan asumir o primeiro nivel de atención e soporte no uso do VDI por parte do persoal de Augas de Galicia.

